

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2008.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día catorce de xaneiro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde - Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde - Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES DE 12 DE NOVEMBRO E 20 DE DECEMBRO DE 2007. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular os borradores das actas plenarias de 12 de novembro e 20 de decembro de 2007.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que na redacción do punto 5º da sesión de data 12 de novembro de 2007,

no paragrafo 5º no que se reflicte unha das súas intervencións, debería recollerse de xeito completo a súa intervención, razón pola cal solicita que se engada o seguinte texto: “ tendo en conta a posibilidade de executar outras alternativas moito mais económicas, *como pode ser o acondicionamento e mellora da P-265, aínda que dita obra teña que ser cofinanciada coa Diputación.*”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-lo engadido proposto polo Sr. Fernández Bouza, anteriormente transcrito.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que na redacción do punto 1º e único da sesión de data 20 de decembro de 2007, na transcripción da súa intervención, referida as modificacións das bases de axudas ó estudio, non se reflicte o feito de ter manifestado a súa oposición non só a supresión dos premios os expedientes da ESO senón que tamén manifestou a súa discrepancia pola supresión das axudas por Doutoramento e por preparación de oposicións; solicitando o engadido correspondente, de xeito que se reflictan integramente as súas manifestacións.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-lo engadido proposto polo Sr. Fernández Bouza, anteriormente transcrito.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase igualmente que na redacción do punto 1º e único da sesión de data 20 de decembro de 2007, na transcripción da súa intervención, referida as inversións previstas para o Paseo Marítimo de Portocelo, advírtese un erro na redacción, xa que en ningún caso se dixo que o paseo de Covas en Viveiro tivera que levantarse unha vez construído, para reparar a rede de saneamento, o que realmente se manifestou na citada sesión plenaria foi que se

investiron millóns de pesetas na construción dun paseo marítimo sen acondicionar previamente o sistema de saneamento; solicitando en consecuencia a rectificación correspondente, de xeito que se reflectan fielmente as súas manifestacións.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la rectificación proposta polo Sr. Fernández Bouza, anteriormente transcrito.

Coas modificacións e rectificacións anteriormente transcritas, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-los borradores da actas das sesións plenarias de datas 12 de novembro e 20 de decembro de 2007.

Coa autorización da Presidencia, polo Secretario Municipal informase ós membros da Corporación de que, por utilizar as expresións contidas na lexislación de aplicación, o Secretario Municipal, a quen corresponde as redaccións das actas das sesións dos órganos corporativos, ten a obriga de recoller a “opinión sintetizada ou reflectir sucintamente “ manifestadas polos membros da Corporación que houberen intervido nos debates dos asuntos, de xeito que o sentido do voto emitido quede suficientemente xustificado; pola razón exposta o Secretario Municipal prega a tódolos membros da Corporación, que naqueles casos nos que desexen que algunha das súas opinións ou manifestacións concretas consten na acta da sesión, o comuniquen na mesma sesión, ós efectos da toma de razón por parte do Secretario Municipal.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A FORMALIZACIÓN COA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DUN NOVO CONVENIO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA E RECAUDATORIA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta a Corporación da **Proposta da Alcaldía** que se transcribe integramente: “D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Vista o Convenio asinado coa Diputación Provincial de Lugo con data 4 de outubro de 1.995, polo que o Concello de Xove delega a xestión tributaria e recadatoria do Imposto sobre Bens Inmóveis, a xestión recadatoria en período voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica así como a xestión recadatoria executiva das liquidacións periódicas e non periódicas correspondentes a débedas liquidadas polo Concello non ingresadas en período voluntario.

Visto que o citado Convenio expirou en 2.005 continuando non obstante vixente mediante prórroga por prazo de 10 anos, expirando totalmente en 2015.

Á vista da proposta elaborada pola Excm. Diputación Provincial conxuntamente para tódolos concellos da provincia, relativa á sinatura dun novo convenio de delegación de competencias en materia tributaria e recadatoria, que entraría en vigor no presente exercicio, e considerando que a mesma resulta favorable ós intereses do Concello de Xove, pola presente,

PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE:

Acordo de delegación na Excm. Deputación Provincial de Lugo según as novas bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.

De conformidade co disposto no art. 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 7 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e as bases aprobadas polo Pleno da Excm. Deputación Provincial de data 27/11/2007, ACORDASE:

PRIMEIRO.- Delegar todas as competencias que este concello ten atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, dos seguintes impostos:

1.1- Imposto sobre Bens Inmóbles

1.2- Imposto sobre Actividades Económicas

1.3- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

De acordo co establecido na Base Cuarta das que rexen a delegación, o Concello de Xove, resérvase a competencia en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, da tramitación no Imposto Sobre Actividades Económicas, do expediente relativo a ALUMINIO ESPAÑOL, S.A, con C.I.F. A36006260, e posibles cambios de denominación social da mesma.

SEGUNDO: De acordo co establecido co punto terceiro da Base Decimoterceira das que rexen a delegación, durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ó período sinalado nesta, o Concello de Xove poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nas bases. En particular poderá delegar, mediante acordo plenario:

-As competencias atribuídas en materia de recadación, en período voluntario e período executivo de taxas, prezos públicos ou outros ingresos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón.

-As competencias de xestión recaudatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polo concello en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida.

TERCEIRO: Aprobar as seguintes condicións que han de rexir as delegacións:

1.- Réxime Xurídico

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial aterase ao disposto nas presentes Bases, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de xestión, inspección e recadación que puidese ditar a Excm. Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior, e aprobar os períodos de pagamento de cada un dos tributos

2.- Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.

O concello poderá avocar para si, coa conformidade da Deputación Provincial, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

Calquera outra actuación do concello no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das presentes bases.

En ambos os dous supostos, por parte da Deputación, procederase a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.

En particular sinálanse como competencia da Deputación:

-Declaración de insolvencias e créditos incobrables.

-Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco destas bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.

3.- Mellora da xestión tributaria do concello

A Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá, directamente ou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do concello, podendo proceder á contratación, con empresas

especializadas, de traballos de asistencia técnica, ás condicións da cal poderán acollerse o concello.

4.- Formas de xestión.

A Deputación Provincial poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.

5.- Contías mínimas

Non se procederá á xestión (liquidación ou recadación) daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Economía y Hacienda en desenvolvemento do art. 16 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou norma que a puidese substituír.

Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.

6.- Cargos en período executivo

Os cargos que realice o concello para a súa xestión recaudatoria en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.

7.- Colaboración do concello

O concello prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.

8.- Compensación económica

Polo exercicio das funcións delegadas a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

a) O 4% do principal e dos xuros recadados en período voluntario.

b) O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

Estas porcentaxes poderán ser revisados á baixa pola Deputación Provincial, en función da evolución dos ingresos e custos do servizo.

9.- Entregas a conta

A Deputación Provincial realizará entregas mensuais, sen custo para o concello, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por Padrón, que ha de recadar en cada exercicio, segundo competencias delegadas.

O importe das entregas a conta calcularase sobre o 80% da recadación, por padróns do exercicio anterior, repartido en 12 mensualidades.

10.- Liquidacións provisionais e definitiva

10.1 Liquidación provisional

A Deputación Provincial, para os efectos informativos, practicarás liquidacións provisionais coa seguinte periodicidade:

- Mensual: recadación en período voluntario de padróns.

- Trimestral: recadación en período voluntario de liquidacións individuais e recadación en período executivo.

10.2 Liquidación definitiva

No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- O importe das entregas a conta mensuais.

- Devolucións de ingresos indebidos.

- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.

- Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao concello, este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

11.- Réxime de vixencia

11.1- As presentes bases terán unha vixencia de dez anos dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e o Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro do décimo ano.

11.2- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, por períodos iguais, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.

11.3- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o concello poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nestas bases, mediante acordo plenario comunicado á Deputación Provincial e producirá efecto dende a data da súa publicación no BOP e o DOG.

11.4- Estas bases manterán a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime de delegación, ou establezan tributos ou outros ingresos públicos que substitúan os actuais.

CUARTO: Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do convenio e tódolos documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.

Dáse conta igualmente do informe emitido pola **Intervención Municipal**, con data 8 de xaneiro de 2008 que igualmente se transcribe “

Informe que se emite en relación co novo acordo de delegación proposto pola Excm. Diputación Provincial das competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.

O Convenio vixente, realizado ó amparo do artigo 7 da Lei 39/88, de 28 de decembro, recolle basicamente a delegación das competencias de xestión tributaria e recadatoria do IBI e a xestión recadatoria do IVTM.

Pola prestación deste servizo, a Diputación Provincial percibe unha compensación económica do 6% do principal recadado en período voluntario e a totalidade do recargo en período executivo mailas costas e xuros procedentes. Compensación económica que ascendeu, durante 2.007 a un total de 34.851,38 euros, en concepto de premio de cobranza e 791,92 € en concepto de 100% do recargo en período executivo.

A proposta deseñada pola Diputación Provincial supón a rebaixa nun 2% do premio de cobranza pero obriga a ceder a xestión do tributo fundamental para o Concello, o IAE, permitindo non obstante excepciónar o expediente relativo a ALCOA, co que quedaría excepciónado do cobro por parte da Deputación do 4% da recadación en período voluntario, é dicir, de ceder a xestión deste expediente a Diputación percibiría 123.693,93 euros.

De acordo coa Base 4ª do réxime xurídico do convenio proposto, por ceder a xestión do IAE a Diputación percibirá (no hipotético caso de que se cobrara o resto do padrón de IAE en período voluntario) 1.997,55 euros.

Tomando igualmente datos de 2007, O Concello percibirá en concepto de recargo de apremio o 25% do recadado, ascendendo aproximadamente a 197,98 €

A rebaixa do 6% ó 4% supón que a Diputación Provincial, sobre a base do recadado en período voluntario en 2007, percibirá aproximadamente 24.000,00 euros en concepto de premio de cobranza, 10.000,00 euros menos que co convenio actual.

Aberto o debate, os portavoces de tódolos grupos municipais, manifestan a súa intención de votar a favor das novas bases que rexeran a delegación expresa de competencias municipais en materia de xestión, inspección e recadación tributaria, na Deputación Provincial.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á Sesión, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita e a remisión da certificación do presente acordo á Deputación Provincial de Lugo, os efectos legais previstos no Art. 7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A PREVISIÓN DE AXUDAS PARA LUCIDO DE VIVENDAS NO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente: “Axudas para lucido das vivendas no Concello. Exposición de motivos:

Basta dar unha volta por calquera parte do Concello para ver que son moitas as vivendas que están sen rematar, debemos contribuír a frear o deterioro e o impacto sobre o territorio que provocan as vivendas inacabadas espalladas por todo o país, sen colocación de tella ou lousa no tellado, sen pintura exterior dos paramentos verticais e outros elementos, nin colocación de morteiro de cemento, por exemplo co ladrillo a vista, elementos de evacuación de augas pluviais, canalóns e baixantes, e necesaria unha liña de axudas en consonancia coa Consellería de Vivenda para que “ningunha familia deixe de rematar a vivenda por razóns económicas e contribuír a frear o deterioro que as vivendas inacabadas provocan no territorio” con isto, mellorará a calidade constructiva da propia vivenda, o BNG de Xove, cree necesario facer unha campaña publicitaria que acompañará a esta nova liña de axudas, é necesario que fagamos un esforzo para a súa divulgación, porque queremos que a información chegue ao maior número familias, mellorar a calidade da vivenda e frear o deterioro que provoca no territorio as construcións inacabadas.

En consecuencia, o Grupo do Bloque Nacionalista de Xove, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- a) Facer un inventario e un estudio, que nos sitúe nas necesidades e deficiencias das que antes expuxemos, a respecto das vivendas ou inmobles que se consideren un deterioro e mala imaxe así como nalgúns casos, por pura necesidade da propia vivenda.
- b) Encetar unha campaña informativa e de apoio, para solicitar axudas da Consellería de Vivenda, e ó mesmo tempo, complementar ístas dende o Concello, creando previamente as bases pertinentes.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que ó Grupo de Goberno parécelle axeitada a proposta plantexada polo BNG e en consecuencia, propón a elaboración entre todos, dunhas bases que regulen este tipo de axudas.

Sinala o Sr. Alcalde que o asunto e moi complexo, xa que en calquera caso, deberá de precisarse coidadosamente os requisitos que deban cumprir os beneficiarios das axudas; as obras susceptibles de ser subvencionadas, e a contía das axudas; sendo necesario igualmente proceder a votar economicamente a correspondente partida presupostaria no expediente de modificación de créditos previsto para este exercicio de 2008.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que en consonancia co manifestado co Sr. Alcalde, o seu grupo considera necesario estudar con detemento este tema para que non se converta nun campo aboado para a picaresca.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que será a Comisión encargada de redacta-las bases, quen regule este tipo de axudas, de xeito que cumprindo rigorosamente coa lexislación de aplicación, vaian destinadas e sexan recibidas por quen realmente as necesite.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á Sesión acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, INSTANDO Á MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS Ó ESTUDO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente: “ As Bases Reguladoras de Axudas ó Estudo foron modificadas polo novo goberno, suprimindo as bolsas de estudos para cursar o Doutoramento, e máis as bolsas de axuda para a preparación de oposicións que requiran unha titulación universitaria.

Por outro lado, e a pesares de ter aumentado as rendas per capita que permiten recibir axudas ó estudo, séguese observando que a concesión das bolsas de estudos é dunha contía total ou nula en función dunha renda per capita fixa. Por exemplo, unha persoa que cumprindo os requirimentos académicos solicite a bolsa de estudos para a universidade, e que teña unha renda per cápita de 5500€ recibiría unha axuda de 1200€ e outra persoa que se atope nas mesmas condicións académicas, e teña unha renda per cápita de 5501€ recibiría unha axuda de 0€. Consideramos que a diferenza de 1€ na renda per cápita non xustifica a concesión ou non concesión da axuda. E pensamos que a concesión sería moito máis xusta se axustara dun xeito proporcional á renda per cápita, tal como propoñemos a continuación para o caso de estudos universitarios, e extendéndoo ó resto de modalidades do mesmo xeito:

-Renda per cápita de 5250€ conlevaría a concesión dunha bolsa de 1200€

-Renda per cápita de 5750€ conlevaría a concesión dunha bolsa de 0€

-Para os valores intermedios faríase a concesión dunha parte proporcional calculada por medio dunha interpolación liñal.

-A xeito de exemplo, unha persoa cunha renda per cápita de 5450€ recibiría a seguinte axuda:

$$\text{Axuda} = 1200 + (0 - 1200) * (5450 - 5250) / (5750 - 5250) = 720€$$

Solicitámoslle ó pleno da corporación que se adopten os seguintes ACORDOS:

- 1) Que se modifiquen as bases de concesión de axudas ó estudo do xeito apuntado anteriormente (por medio da interpolación liñal);
- 2) Que se restitúan as axudas para cursar o Doutoramento, e máis as bolsas de axuda para a preparación de oposicións que requiran unha titulación universitaria;
- 3) Que se estableza un límite para a renda per cápita naquelas modalidades nas que non exista, pois as axudas ó estudo deben ser para aquelas persoas que as necesitan; e
- 4) Que para calquera concesión, tanto de axudas como de premios ó estudo, sexan os expedientes académicos facilitados polos centros educativos pertinentes, os que determinen a nota media do solicitante en base á cal se fai a concesión da axuda ou do premio.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o Grupo de Goberno está de acordo coa proposta do BNG de introducir un mecanismo de progresividade na determinación da contía das axudas; engadindo que este ano o prazo de presentación de solicitudes xa rematou hai mais dun mes, polo que as axudas concederanse conforme as bases vixentes, propoñendo que antes da apertura do prazo de presentación de solicitudes para o exercicio seguinte, a Comisión correspondente estudará a modificación das bases á vista non só das propostas contidas na moción do epígrafe, senón que tódolos grupos poderán aporta-las súas ideas.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo está de acordo coa proposta do Sr. Alcalde, pero considera necesario advertir que neste tema hai cuestións que resultan imposibles de solucionar, como é o feito do límite de ingresos per-capita da unidade familiar do solicitante, xa que pónase a cantidade que se poña, sempre haberá alguén que quede fora, por un importe mínimo.

Polo Sr. Fernández Bouza, manifestase que con independencia da proposta plantexada polo Sr. Alcalde, coa que está de acordo, como concelleiro redactor da moción do epígrafe, solicita que a mesma sexa sometida a votación.

Rematado o debate, a Corporación Municipal, co voto favorable do Sr. Fernández Bouza, o voto en contra dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López e Meitin Guerreiro, e coa abstención dos Sres. Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Balseiro Canoura, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro; co voto en contra do Sr. Fernández Bouza, e a abstención do Sr. Ben Fernández, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

5º) ESCRITO REMITIDO POLA CAMARA DE COMERCIO DE LUGO, SOLICITANDO O APOIO INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE XOVE Ó PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DO AERODROMO DE ROZAS-CASTRO DE REI-LUGO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde dáse conta á Corporación do escrito do epígrafe, engadindo que o Grupo de Goberno vai apoiar dita solicitude de apoio institucional, por considerar que a mellora de calquera tipo de infraestructuras ou a potenciación das xa existentes, é beneficiosa para todos.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo tamén vai apoiar este tema por considerar que o aeródromo de Rozas, ten moita mais utilidade que a que ten actualmente.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que non está de acordo coa urxencia que se lle quere dar a este tema, tendo en conta que no expediente, soamente consta, un escrito duns particulares, sen que a Corporación teña información suficiente para poder tomar unha decisión minimamente documentada.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de absterse, por considerar que a petición é sumamente ambigua e inconcreta, sendo necesario ter moita mais información para poder tomar postura.

Polo Sr. Alcalde manifestase que a Cámara de Comercio representa a todo o sector empresarial da Provincia, e o que se pide é o apoio institucional do Concello de Xove para abrir un proceso que desemboque na potenciación destas instalacións e infraestructuras, que na actualidade todo o mundo recoñece que están infrautilizadas.

Rematado o debate, , o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella coa abstención do Sres. Fernández Bouza, e. Ben Fernández, acordou aproba-la petición formulada, plantexada no escrito presentado pola Cámara de Comercio de Lugo, e na súa consecuencia manifestar o total apoio do Concello de Xove ó proxecto de “REVITALIZACIÓN DO AERODROMO DE ROZAS-CASTRO DE REI-LUGO”, por ser considerado polo Concello de Xove como un feito de vital transcendencia, e grande oportunidade de crecemento económico e Social, para a Provincia, así como un proxecto que mellora a competitividade das empresas e gran xerador de turismo.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito de rogos e preguntas presentado polo portavoz do Grupo Municipal do BNG ó inicio da Sesión, e que a seguir se transcribe íntegramente”

Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do BNG de Xove, presenta os seguintes rogos e preguntas para o proximo pleno ordinario do mes de xaneiro.

ROGOS:

- 1.- Solicitar que a oficina de correos de Xove dispoña de servizo de Fax.
- 2.- Poñer a funcionar a páxina web do Concello de Xove e dende a mesma, informar e publicar todo o que sexa preceptivo e de interese para os veciños.
- 3.- A calidade de auga potable, unha vez máis ponse a proba coa chegada das choivas, chega as vivendas revolta e ás veces cheira, pedimos que se acometan as melloras necesarias para evitar esta situación.
- 4.- A rampa para acceso de discapacitados da praia de Esteiro, ten unha inclinación excesiva, o que supón moita dificultade para os usuarios, e polo que consideramos necesario reformala.

PREGUNTAS:

- 1.- En Palmeiro hai unha zona axardiñada e con un parque infantil, os veciños están preocupados ante a posibilidade de que se edifique estragando esa zona verde e de lecer. Pensou o goberno na posibilidade de negociar coa promotora para conservar esa zona verde?.
- 2.- En algunhas obras que se están a executar por todo o Concello, a ocupación das vías públicas con todo tipo de residuos, máquinas e vehículos invadindo as zonas seguras das proximidades, sin a oportuna selección de materiais, con sinalización deficiente ou nula, terra e porquería sobre a calzada e en moitos sitios a madeira das cortas de eucalipto amoreada dificultando o tráfico con risco para os usuarios das vías públicas. Qué tipo de control leva a cabo o Concello, e con que frecuencia, en cantas ocasións se notificou ás empresas responsables para evitar estas situacións?.
- 3.- Hai un bloque de vivendas en Palmeiro ó que se concedeu o permiso de entronque de auga, cando se pensa conceder a licenza de primeira ocupación?.
- 4.- Estase a executar unha traida de augas en Reboredo, fican 4 casas próximas en Castelo, non teñen previsto ampliar esa obra para darlles servizo?.

Polo Sr. Alcalde manifestase que ditos Rogos e Preguntas serán contestados por escrito na seguinte sesión ordinaria a celebrar polo Concello Pleno, sen prexuízo de que se remita contestación ó Sr. Fernández Bouza, coa maior brevidade posible.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas, e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo